

**BASES REGULADORAS DO PLAN DE FORMACIÓN
COCIÑA EN RIBEIRA PROMOVIDO POLO CONCELLO**

DE RIBEIRA

1. OBXECTO E FINALIDADE

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios de participación no Plan de Formación "Cociña nos fogóns de Ribeira".

Nesta situación actual, na que a crise sanitaria mudou os hábitos de consumo no mercado hostaleiro, o Concello de Ribeira propón este plan de formación como medida adicional e singular adaptada ás peculiaridades da restauración tendo en conta os diferentes escenarios posibles para 2021.

O plan de formación enmárcase, no plan estratéxico de turismo Ribeira 2020-2024 como unha ferramenta imprescindible para a industria económica do Concello e para servir como axuda ao sector.

Os obxectivos propostos son:

- Apoiar ao sector
- Minimizar os riscos no sector
- Promover a competitividade e a transferencia de coñecementos
- Axudar a mellorar os servizos ofertados a curto e medio prazo
- Dar unha formación integral e funcional en conceptos, valores, actitudes necesarias para un pleno desenvolvemento profesional
- Fomentar o desenvolvemento e a creación de tendencias gastronómicas adaptadas á nova realidade, tomando como referencia a influencia do produto de proximidade e o respecto pola tradición, produto e historia



2.- REGULAMENTO PARA A PARTICIPACIÓN DO SECTOR NO PLAN DE FORMACIÓN “COCIÑA NOS

FOGÓNS DE RIBEIRA”:

2.1. Número de prazas: 10 prazas

2.2. Perfil das persoas destinatarias:

A formación está dirixida a profesionais do sector da hostalería e restauración do Concello de Ribeira contemplando os seguintes requisitos:

- Profesionais en activo
- Profesionais en ERTE
- Profesionais en situación de desemprego

2.3. Documentación requirida:

En caso de ser necesario, poderase solicitar a seguinte documentación:

- Contrato laboral
- Certificado da alta no ERTE
- Documentación fiscal
- Certificado de desemprego

2.4.- Inscripcións

As inscricións faranse:

- Unha por cada curso
- Mandando un correo electrónico a: eventoturismo@ribeira.gal
- Cumprimentando a folha de inscrición
- Para información adicional consulta a través Whatsapp: 615 62 32 85



Unha vez estean todas as prazas cubertas, enviarase un correo electrónico ás persoas admitidas indicándolle que foron seleccionadas e o día, hora e lugar onde teñen que presentarse para iniciar o curso.

2.5.- Lugar de impartición e temporalización

O plan de formación realizarase na **Escola de Hostalería de Ribeira, ubicada no 2º andar do Mercado Municipal de Ribeira**

O plan distribúese no seguinte cronograma:

COCIÑA PARA LEVAR

Datas: 14, 15 e 16 de decembro 2020

Horario: de 18.00h a 20.00h

ELABORACIÓN DE TAPAS

Datas: 12, 13, 19 e 20 de xaneiro 2021

Horario: de 18.00 a 19.30h

COCIÑAMOS O MAR “LONXA DE RIBEIRA”

Datas: 26,27 de xaneiro e 2 e 3 de febreiro 2021

Horario: de 18.00 a 19.30 h

ALÉRXENOS E PROPOSTAS PARA NOVOS HÁBITOS ALIMENTARIOS

Datas: 9,10, 16 e 17 de febreiro 2021

Horario: de 18.00 a 19.30 h



PREPARACIÓN DUN BO MENÚ DO DÍA

Datas: 23, 24 de febreiro e 2 ,3 de marzo 2021

Horario: de 18.00 a 19.30 h

CONCEPTO MARIDAXE

Datas: 9,10,16 e 17 de marzo 2021

Horario: de 18.00 a 19.30 h

ACTUALIZACIÓN DE BOCADILLOS, BURGUER E TOSTAS

Datas: 23 ,24, 30 e 31 de marzo 2021

Horario: de 18.00 a 19.30 h

DESAIUNOS E CAFÉS

Datas: 6 ,7, 13 e 14 de abril 2021

Horario: de 18.00 a 19.30 h

3.- CERTIFICACIÓN

Ao rematar a formación obterán unha certificación propia do Concello de Ribeira que avala a participación.

Ribeira, na data da sinatura dixital.

Manuel Ruiz Rivas.



ANEXO I: FICHA DE INSCRICIÓN

Nome do curso:

Nome e apelidos: _____

Data de nacemento: _____ Teléfono: _____

Enderezo electrónico: _____

Domicilio: _____

Localidade: _____ Código Postal: _____

DECLARO que os datos son verdadeiros e AUTORIZO ao Concello de Ribeira a publicar cos fins propios do concurso.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE RIBEIRA, con dirección en PRAZA DO CONCELLO, S/N, 15960 - RIBEIRA (A CORUÑA); lopd@ribeira.gal O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE RIBEIRA é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en lopd@ribeira.com. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, CONCELLO DE RIBEIRA dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional y detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: lopd@ribeira.com

